

UNHA VIAXE SONORA ESPAZO- TEMPORAL

CONCERTO DE NADAL

Auditorio Municipal, **Padrón**, 29 de novembro de 2025,
20:30h

Igrexa de Sto. Domingo, **A Coruña**, 13 de decembro de 2025
18h

Igrexa de Sto Agostiño, **Santiago**, 24 de decembro de 2025
18h

PROGRAMA

Michael PRAETORIUS (1571-1621): Es ist ein Ros' entsprungen
Coro, violonchelo e órgano

Jean-Philippe RAMEAU (1683-1764): Hymne à la nuit
Coro, cuarteto de cordas e cravo

Georges BIZET (1838-1875): L'Arlésienne, Suite n.º 1

Prelude
Minuet
Adagietto
Carillon

Kyrylo STEZENKO (1882-1922): Nova radist stala
Coro, clarinete, violonchelo e órgano

Nemesio GARCÍA CARRIL (1943-1955): Vamos cantando
Coro, oboes 1 e 2, fagot e pandeireta

Antoni RODRÍGUEZ SABANES (1957): Cançó de bres per a una princesa negra
Coro e piano

Georges BIZET (1838-1875): L'Arlésienne, Suite n.º 2

Pastorale
Intermezzo
Minuet
Farandole

Georg Friedrich HÄNDEL (1685-1759) / Lowell Mason (1792-1872): Joy to the World
Texto de Isaac Watts / Orquestación de Mario Diz
Coro, clave e orquestra

Felix MENDELSSOHN (1809-1847) / William Cummings: Hark! The Herald Angels sing
Texto de Charles Wesley (1739) / Orquestación de Mario Diz
Coro, órgano e orquestra

Trad. Andalucía / Orquestación de José Ramón SIERRA (1937-2025): Campana sobre campana
Sobre un arranxo coral de Lluís Farreny i Alujas (1926-2019)
Coro, piano e orquestra

José PACHECO (1784 –1865): Grandes novas, galeguinhos
Adaptación coral de Julián Jesús Pérez
Sobre una edición de Joám Trillo
Soprano solista: Alicia Gómez Veiga
Coro, cravo e orquestra

PROGRAMA

PEZAS FORA DE PROGRAMA

Franz Gruber (1787-1863): Stille Nacht / Noche de Paz / Noite de Paz

Texto de Joseph Mohr (1792-1848) / Orquestación de Dina Durán e Ángel Vidal

Sobre un arranxo coral de Ángel Barja (1938-1987)

Coro e orquestra

INTRODUCCIÓN

Programa de man elaborado por
Julián Jesús Pérez e Mario Diz

A Vicerreitoría de Estudantes e Cultura da USC presenta, un ano máis, o seu tradicional Concerto de Nadal. Se cadra non todo o repertorio é do tempo de nadal, o programa recolle, entre outras, unha ampla selección de obras clásicas, como as Suites Nº. 1 e 2 de L'Arlesienne, de Georges Bizet, e pezas corais de autores como Michael Praetorius, Jean-Phillippe Rameau, Georg Friedrich Händel, Felix Mendelssohn, e Kyrylo Stezenko, un autor ucraniano pouco coñecido no noso país, coa harmonización dunha fermosa peza de nadal tradicional. Con ela, queremos recordar a un país que, non hai moito tempo, acolleu a numerosos nenos españois para que non sufrisen a barbarie dun conflito bélico. Desgraciadamente, a situación tornouse dura para estas persoas, e agora son elas quen necesitan axuda. Vaian coa nosa achega musical os mellores desexos de Paz e benestar para o pobo ucraniano... e para todos os pobos da Terra.

UNHA VIAXE ESPAZO-TEMPORAL

Grazas á Música somos quen de viaxar coa nosa imaxinación polo tempo e polo espazo. Comezamos cun coral de Michael Praetorius, compositor alemán do Renacemento, coetáneo de Martín Lutero, para continuar cunha coñecida peza de Jean-Philippe Rameau, do Barroco francés. Despois da interpretación da Suite nº. 1 de L'Arlesienne de Bizet a cargo da orquestra, voltamos á música coral coa citada peza de Stezenko, do Romanticismo tardío, para rematar con dúas obras de compositores dos séculos XX-XXI: o galego Nemesio García Carril e o mallorquín Antoni Rodríguez Sabanes. A continuación escoitarán a Suite nº. 2 de L'Arlesienne.

Na intervención conxunta do coro e da orquestra, facemos tamén un percorrido espazo-temporal por varias épocas: o Barroco, cunha peza de Händel, o Romanticismo, cun coñecido hino do tempo de Nadal de Mendelssohn, a transición entre o Clasicismo e o primeiro Romanticismo, cun villancico da Catedral de Mondoñedo, escrito por José Pacheco, e a orquestración dun coñecido villancico andaluz, obra do clarinetista, arranxista e compositor José Ramón Sierra.

PRESENZA GALEGA NO PROGRAMA

Cando comezamos a escoller e organizar o repertorio para este concerto, quixemos facer fincapé na presenza de músicos da nosa terra. A casualidade fixo que incluísemos unha representación das catro provincias galegas.

O primeiro compositor galego que figura no programa é **Nemesio García Carril** (Sobrado dos Monxes, 1943 – Málaga, 2025). Vinculado á cidade compostelana como mestre de capela da Catedral e director da Escolanía Ángeles de Compostela entre 1971 e 1986, foi profesor de Música no instituto Rosalía de Castro. Estudou piano e composición en Galicia, e máis tarde especializouse en composición, dirección e canto na Academia de Santa Cecilia de Roma, e en canto gregoriano e musicoloxía no Pontificio Instituto de Música Sacra do Vaticano.

En 1986 trasladouse a Lisboa, onde traballou como profesor no Instituto Español. Contiúou a súa labor educativa no instituto Padre Suárez de Granada e colaborou coa universidade da dita cidade.

En 1984 recibiu o Premio da Crítica Galega; dous anos máis tarde foi nomeado “fillo preferido” da súa cidade natal, e en 2019 concedéronlle a medalla da Catedral de Santiago. Como homenaxe póstuma, a USC acolleu un acto no pasado mes de setembro.

As orquestracións das pezas de Händel e Mendelssohn foron feitas polo noso director, **Mario Diz Otero** (Pontevedra, 1980). Violista, violinista, compositor e director de orquestra, Mario Diz desenvolve a súa carreira profesional como director da Orquestra e Coro da USC (desde o ano 2010). É Doutor en Educación pola Universidade de Vigo, e exerce como profesor de Didáctica da expresión musical na USC. Como discípulo do mestre Antón García Abril, traballa no eido da composición en diversos xéneros e para diferentes agrupacións profesionais e didácticas. A súa música foi presentada en prestixiosos escenarios como o curso internacional Música en Compostela ou o Centro Galego de Arte Contemporánea ou o Centro Nacional de Difusión Musical (CNDM) entre outros.

Entre 2008 e 2016 foi membro do equipo directivo da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela, donde traballou como profesor de violín e viola. A súa paixón pola didáctica destes instrumentos cristalizou na publicación do caderno Mi Primer Violín; tamén publicou numerosos estudos comparados sobre as diferentes metodoloxías de ensino da corda friccionada.

Unha das últimas obras do concerto é o coñecidísimo villancico andaluz “Campana sobre Campana”. Partindo dunha harmonización coral do compositor catalán Lluís Farreny (1926-2019), a orquestración para cordas e percusión preparouna un músico que naceu en terras ourensáns, mais foi coruñés de adopción: **José Ramón Sierra** (San Cibrao das Viñas, 1937-A Coruña, 2025). Despois dos seus primeiros estudos musicais en Allariz, ingresou moi novo na Banda Militar, da que formou parte durante tres anos. Máis tarde foi clarinetista por oposición da Banda Municipal da Coruña (donde chegou a ser clarinete solista), e violinista na extinta Orquestra de Cámara Municipal.

Despois dun período de formación en materias como harmonía e contrapunto con Rogelio Groba e Rodrigo A. de Santiago, primer director da Banda Municipal de Música de A Coruña, comezou a súa carreira como compositor e arranxista.

Como músico versátil que era, foi quen de traballar como intérprete de violín na coñecida orquestra Los Satélites, entre outras do seu xénero. A súa traxectoria e coñecementos leváronno a dirixir a Banda Municipal de Coruña, e mesmo a formar parte da Orquestra de Jazz da Coruña.

Despois dun período de formación en materias como harmonía e contrapunto con Rogelio Groba e Rodrigo A. de Santiago, primer director da Banda Municipal de Música de A Coruña, comezou a súa carreira como compositor e arranxista.

De **José Pacheco** (Mondoñedo, 1784-1865), un compositor de transición entre o Clasicismo e o primeiro Romanticismo, presentamos un villancico en galego para soprano solista, coro e orquestra. Pacheco iniciou a súa educación musical aos once anos, como neno de coro na basílica de San Martiño de Mondoñedo. Máis tarde foi acollido na casa do mestre de capela Ángel Custodio González de Santavalla, que sería o seu mestre de música. Empezou a traballar como organista, ao tempo que estudaba composición e se encargaba da educación musical dos nenos de coro.

Á morte do seu mestre en 1805, o cabildo nomeou a Pacheco novo mestre de capela da Catedral de Mondoñedo. Máis tarde trasladouse a Santiago de Compostela para continuar a súa educación musical. Voltou a Mondoñedo para continuar o labor como mestre de capela, e foi mestre de Pascual Saavedra e Pascual Veiga, entre outros.

Escribiu máis de trescentas obras; destacan o Miserere e o Plorans, dous Stabat Mater, dous Te Deum, motetes e vilancicos de Nadal, algúns deles en lingua galega.

Despedimos o concerto cunha coñecida peza, coa que queremos desexar un Bon Nadal ao público asistente: a universal “Stille Nacht” (Noite de Paz), unha fermosa melodía escrita polo austríaco Franz Gruber, sobre un texto de Joseph Mohr. Esta peza foi declarada patrimonio cultural inmaterial da Humanidade en 2011. Partindo da melodía orixinal a nosa versión é froito da conxunción dun traballo a tres bandas: unha sinxela harmonización coral do compositor galego Ángel Barja e dunha orquestración realizada por dous xoves contrabaixistas da nosa orquestra: **Dina Durán e Ángel Vidal**.



Ángel Barja (Terroso, Ourense, 1938-León, 1987) foi un compositor independente, cun estilo ecléctico. Sitúase nunha etapa algo posterior á chamada Xeración do 51 (C. Bernaola, L. de Pablo, C. Halffter e T. Marco, entre outros).

En 1950 iniciou estudos de solfexo, piano e harmonía, para continualos en Valladolid con José María Goicoechea (composición) e Pablo San José (historia da música, estética e interpretación). Foi profesor nos colexios de El Escorial e Astorga e dirixiu os respectivos coros. En 1961 obtivo en Madrid o diploma de Mestre en Canto Gregoriano. Máis adiante desprázase a Italia e a Viena para completar a súa formación.

En 1971 instálase en León. Foi director de Capilla Clásica de León, co que realizou gravacións de obras da súa autoría, e mesmo de Mestres de capela da Catedral (s. XVIII). Continúa o seu labor compositivo e imparte clases no conservatorio. Recibiu varios premios de composición. A súa obra *Planctum Jeremiae*, encargado polo prestixioso cuarteto vocal The Scholars, foi Premio Internacional de Composición en Tolosa. Otorgouselle, ademais, o Premio Internacional da Academia de Bellas Artes de Granada pola súa obra organística *Impression for Bach*.

En 1985 foi becado pola Deputación Provincial de León para facer a recopilación do cancionero popular da provincia, en colaboración co folclorista Miguel Manzano. Tamén desenvolveu unha actividade periodística no eido da crítica e a divulgación musicais.

Dina Durán Rodríguez (A Coruña, 2001) iniciou a súa formación musical no CMUS Xoán Montes de Lugo, onde realizou os estudos profesionais de contrabaixo con Araceli Martínez; obtivo o Premio Fin de Grao. Durante esta etapa foi distinguida co segundo posto no II Festival Xan Viaño de Ferrol e co Primeiro Premio Joven Talento no I Concurso Internacional Galicia Graves.

Continuou o seus estudos no Conservatorio Superior de Música da Coruña, e co contrabaixista Carlos Méndez na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia. Colaborou con agrupacións como a Real Filharmonía de Galicia, a Orquestra Vigo 430, a Orquestra Gaos, a Camerata Brigantina, a Camerata Arven e a Federación Galega de Bandas de Música Populares, entre outras.

Interesada pola pedagogía musical, participou en diversos proxectos educativos e artísticos, entre eles o seu labor no CAMP Liceo La Paz, e realizou en 2023 un Traballo de Fin de Estudos centrado na historia da ensinanza do contrabaixo en España. Desde 2024 exerce como docente de Música e Movemento e Linguaxe Musical na Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela, tarefa que compaxina co Grao en Mestre de Educación Primaria na Universidade de Santiago de Compostela. Colabora regularmente coa OUSC desde 2022, formación na que continúa a súa actividade como contrabaixista.

Ángel Vidal Cortizo (Lalín, 1997) iniciou os seus estudos musicais na Escola da Banda de Música de Lalín e continuou a súa formación no Curso de Especialización Instrumental da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia, na especialidade de contrabaixo e baixo a tutela de Carlos Méndez. Desde 2015 é membro activo da Orquestra da Universidade de Santiago de Compostela, na que participa como contrabaixista e na que tamén desenvolve a súa labor como arranxista, realizando adaptacións para diversas formacións camerísticas, corais e orquestrais.

Como intérprete, colaborou con agrupacións como a Banda de Música de Santiago, a Banda de Música de Lalín e a Xove Orquestra de Lugo Terra Nova, ampliando a súa actividade musical en distintos proxectos do ámbito galego. Graduado como Mestre de Educación Primaria con mención en Música, exerce a docencia desde 2021 e é na actualidade profesor de música no Conservatorio de Música da Estrada.

Suites para orquestra de L'Arlésienne, de Georges Bizet

Suites nº 1 e nº 2

A música composta por Georges Bizet para L'Arlésienne, orixinalmente concibida como música incidental para a obra teatral homónima de Alphonse Daudet estreada en París en 1872, destaca pola súa forza narrativa, pola riqueza tímbrica e pola capacidade de evocar os ambientes da Provenza francesa. A acción céntrase na historia trágica de Frédéri, un mozo namorado dunha misteriosa rapaza de Arlés, da que nunca chegamos a ver o rostro en escena. A presenza ausente desta figura feminina, convertida en ideal inalcanzable, impregna de tensión emocional toda a trama, algo que Bizet soubo trasladar á perfección á súa música mediante contrastes expresivos, melodías populares e un refinado traballo orquestral.

Ao falecer o compositor con só 36 anos, o seu amigo Ernest Guiraud seleccionou e adaptou parte do material musical da obra para crear a coñecida Suite nº 1, que inclúe números tan emblemáticos como o solemne Prélude, inspirado nun antigo canto provenzal, a íntima Mélodie ou o enérxico Carillón. Anos máis tarde, o propio Guiraud publicaría a Suite nº 2, reorganizando outros fragmentos da música escénica e incorporando algunhas melodías adicionais de Bizet. Nesta segunda selección atopamos a célebre Farandole, baseada nunha danza tradicional provenzal que combina maxistralmente a forza rítmica co diálogo contrapuntístico entre os instrumentos da orquestra.

A interpretación íntegra das dúas suites neste concerto permite apreciar a unidade estética da música de Bizet para L'Arlésienne, unha unidade que transcende a súa diferente xénese editorial. O protagonismo do folclore provenzal, a constante interacción entre o lirismo e o dramatismo, e a variedade de cores orquestrais constrúen un discurso continuo, no que as transformacións temáticas e o traballo dinámico funcionan como fío condutor emocional.

Para unha orquestra universitaria como a OUSC, este repertorio representa un paso importante no seu proceso de madurez e crecemento artístico. As Suites de L'Arlésienne ofrecen un amplo espazo de aprendizaxe: permiten afondar no equilibrio entre as familias instrumentais, traballar a precisión rítmica e a afinación, desenvolver un coidado tratamento das articulacións e dos matices e, ao mesmo tempo, dar protagonismo a diferentes instrumentos, como a frauta, o oboe ou o saxofón, que atopan momentos de especial relevancia e responsabilidade musical. Deste modo, a obra convértese nun exercicio de cohesión colectiva á vez que reforza a expresividade individual dos seus intérpretes.

Hoxe en día, estas dúas suites constitúen un clásico imprescindible do repertorio sinfónico. A súa presenza neste concerto supón unha oportunidade para se mergullar na refinada estética francesa do século XIX e para gozar do talento dun compositor que, a pesar da súa vida breve, deixou unha pegada inesquecible na historia da música e no corazón do público.

Esperamos que lles guste o concerto e desexámoslles unhas moi Boas Festas de Nadal e un próspero ano 2026.

MÚSICOS CONVIDADOS

DIRECTOR DO CORO E PIANISTA ACOMPAÑANTE

Julián Jesús Pérez (A Coruña, 1965), Catedrático de Música en Secundaria, músico e apaixonado da música vocal e coral, Julián Jesús Pérez é unha das figuras de referencia na dirección coral en Galicia. Cunha ampla traxectoria tanto artística como pedagóxica, dirixiu durante anos agrupacións como o Coro de Cámara Madrigalia, o Coro de Cámara de A Coruña, o Coro Universitario da UDC, a Camerata Vocal da UDC, a Orquestra de Cámara da UDC e o Grupo Vocal e Instrumental Diazeuxis, formado por estudantes de Secundaria. Actualmente está á fronte de Conventus Cruniensis ensemble de cámara.

É Doutor en Didáctica da Lingua e da Literatura pola UDC, Máster en Dirección e Pedagogía Coral pola UNIR, Postgraduado en Educación Musical pola UAB, Licenciado en Filoloxía Inglesa pola USC e titulado en Piano polo Conservatorio da Coruña. Ao longo da súa carreira formouse en España e en outros países de Europa con destacados mestres internacionais como Irina Moriatova e Ilona Timchenko (piano), Inés Rivadeneira e Eva del Moral (canto), Peter Phillips e Rupert Damerell (polifonía), Javier Busto, Martin Schmidt e Nuria Fernández Herranz (dirección coral), entre outros, combinando a interpretación coa docencia e a divulgación da música coral e o repertorio vocal con piano. En 1991 recibe o premio-Beca Rosa Sabater de Polifonía no curso universitario internacional Música en Compostela.

Interesado polo movemento coral cubano, en 2013 participou no 1º. Taller Internacional de Música Coral Cubana en La Habana, onde traballou cos mestres José Antonio Méndez (dirección), Digna Guerra e Alina Orraca (repertorio), entre outros.

Como director, ten desenvolvido proxectos en España, Portugal, Italia, Polonia, Escocia e Ucraína. Traballou como director invitado con varias formacións corais e orquestrais. Tamén traballa como pianista de cámara acompañando a recoñecidos cantantes líricos, principalmente con Olga Raíces e Fernando Enseñat-Berea, cos que formou o trío Capriccio Vocale.

Realizou diversas gravacións discográficas como director de coro e como pianista de cámara. No eido da investigación publicou diversos libros e artigos en revistas universitarias y editoriais españolas e extranxeiras. Tamén ofreceu conferencias sobre temas musicais e didácticos en varias cidades españolas.



Paula Gago (Marín, 1978), iniciou os seus estudos musicais aos oito anos na escola de música da súa localidade. Formouse nos conservatorios de Pontevedra e Santiago de Compostela, onde obtivo os títulos superiores de Piano e Música de Cámara con excelentes cualificacións. Foi alumna de destacadas mestras e mestres, como M^a Dolores Santos, Lorenzo de los Santos, Margarita Pardavila, Javier del Río, Alejo Amoedo, Marina Shamagian e Dalibor Sebestik, e ampliou a súa formación con concertistas como Tsiala Kvernadze e Rouzan Badalian. A súa inquietude artística levouna tamén a asistir a numerosos cursos especializados e a completar estudos de viola.

Desde 1995 desenvolve unha intensa actividade como pianista acompañante en probas, recitais, cursos e concursos, colaborando con instrumentistas de todas as especialidades. Formou parte de diversas agrupacións camerísticas e bandísticas, entre elas a Banda Filarmónica de Galicia e a Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas, e colaborou coa Orquestra Filarmónica Cidade de Pontevedra. Actualmente integra a Banda Municipal de Valga e é pianista da Camerata Arven.

A súa traxectoria no ámbito pedagóxico inclúe a participación como pianista profesora en numerosos cursos impartidos por recoñecidos intérpretes e docentes nacionais e internacionais. Así mesmo, conta cunha ampla experiencia no acompañamento de coros e solistas na preparación e interpretación de cantatas, zarzuelas, repertorio operístico e música coral. Leva máis de dúas décadas dedicada á docencia do piano e exerce como profesora nas Escolas de Música de Valga e Pops Ribeira. Na actualidade é tamén pianista acompañante e profesora de repertorio con piano e piano aplicado no Centro Superior de Música de Galicia.

GUÍA DE CONCERTO PARA L'ARLESIENNE

Suite nº 1

1. Prélude

A obra ábrese con gran forza expresiva, presenta o tema principal e leitmotiv posterior a través dun grande unísono (termo musical que explica a interpretación sen distinción de notas entre todos os instrumentos). O tema dos metais, inspirado nun antigo canto provenzal (Marcha dos Reis), imprime solemnidade e anuncia o drama interior do protagonista. A cor fonda das cordas e os diálogos melódicos contribúen a crear unha atmosfera tensa e apaixonada.

2. Minueto

Un movemento elegante e de carácter máis contido. O seu refinamento melódico e o estilo de danza lembran a tradición clásica, achegando equilibrio e serenidade ao conxunto da suite. O minueto é un tempo ternário (tres pulsos) que a diferenza do vals non sempre estrutura os seus acentos principais unicamente no primeiro pulso, se non que tamén o terceiro pode conter certo grado de relevancia para dar paso ao seguinte compás.

3. Adagietto

Bizet amosa aquí a súa faceta máis sensible e intimista. A liña melódica, confiada á corda, desprégase con ampla respiración lírica, evocando un sentimento de tenrura, melancolía e, talvez, saudade.

4. Carillón

O son imitado das campás, como ostinato (termo musical que suxire un motivo ou harmonía repetida no tempo ao longo dunha pasaxe ou movemento), marca un carácter firme e rítmico, mentres as cordas e os ventos dialogan con vida crecente. Este movemento é un dos máis recoñecibles e impactantes, cargado de enerxía e brillantez.

GUÍA DE CONCERTO PARA L'ARLESIENNE

Suite nº 2

1. Pastorale

Clara evocación da vida campesiña provenzal. O ambiente é tranquilo, luminoso, case idílico, coa participación destacada da frauta, que aporta frescura e movemento á paisaxe sonora.

2. Intermezzo

A música toma un aire máis dramático, con maior tensión harmónica e intensidade expresiva. É unha ponte afectiva que nos prepara para o clímax da suite.

3. Minueto

O carácter de danza retorna, elegante e equilibrado. Unha páxina de grande delicadeza, onde o diálogo entre os instrumentos crea un ambiente de refinamento e levedade.

4. Farandole

O final da suite é unha festa rítmica. O tema popular provenzal que lle dá nome combina o seu espírito festivo cun traballo contrapuntístico de gran mestría. A progresiva acumulación de enerxía conduce a un final brillante e arrollador, un dos máis celebrados da literatura orquestral francesa.



CORO DA UNIVERSIDADE

Sopranos

Ana Martínez Delgado	Grao en Farmacia
Andrea Cancelas Serra	Grao en Psicoloxía
Andrea Ferrer Gómez	
Alejandra Saavedra Duarte	Grao en Filoloxía Clásica
Alicia Gómez Veiga	Grao en Psicoloxía
Carla Dávila Monroy	Grao en Psicoloxía
Lucía del Pozo Filíu	Doutoramento en Medicina Molecular
Natalia Abel Fernández García	Grao en Física
Noemí Fernández Pereira	Grao en Farmacia

Contraltos

Aloia Moreno Bodega	Grao en Farmacia
Adriana Patiño Revuelta	Estudos finalizados
Elisabeth Iglesias Amezcua	Grao en Física
Eva Aragón Arias	Grao en Historia da Arte
Lía Díaz Laugart	Grao en Ciencias Políticas
Noelia Hermelo Acuña	Grao en Xornalismo
Natalia Cebreiro López	Grao en Psicoloxía
Nerea Varón González	Grao en Criminoloxía
Nora Velasco Fernández	Grao en Historia da Arte
Susana Silva Sánchez	Grao en Ciencias Políticas e da Administración
Uxía Pérez García	Grao en Psicoloxía

Tenores

Breogán Udías López	Pedagogo
Julio Abel Fernández López	Enfermeiro
Orlando Ledo Araújo	Estudos finalizados

ORQUESTRA DA UNIVERSIDADE

Violíns I

Ana Trabazo Torres	Grao en Comunicación Audiovisual
Andrés Verísimo Barcia	Grao en Bioloxía
Emma Gabriel	Estudante en intercambio (EUA)
Francesca Bernardi Cuns	Bacharelato
Gabriela Pedre Lastra	Grao en Educación Primaria
Icía Gómez Castro	Grao en Educación Primaria
Julia Prado Pita	Grao en Física
Laura López Paz	Grao en Enxeñaría Química
Manuel Bouzón Campos	Grao en Farmacia
Mario Santalla Rico	Grao en Física
Pablo Rodríguez García	D. Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas
Sabela Fernández Rodicio	Doutoranda en Física
Xabier Mazaira López	Médico pediatra
Xulia Formella Losada	Grao en Educación Primaria

Violíns II

Ana Santiago Sanmiguel	Grao en Bioloxía
Alexia Multa Araújo	Grao en Lingua e Literatura Inglesas
Carla Fernández Petisco	Grao en Física
Claudia Maseda Cortiñas	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos
David Mon Iglesias	Grao en Ciencias Políticas
Irene Pardo Varela	Grao en Xornalismo
Irinea Fernández Gamallo	Grao en Bioloxía
Jimena Slaba Crespo	Grao en Medicina
Lucía Iglesias Vigo	Grao en Matemáticas
Noa López Souto	Grao en Enfermería
Rocío Fernández Luque	Grao en Mestre/a de Educación Primaria
Sofía Manín Rodríguez	Grao en Comunicación Audiovisual
Yasmin Rocha Garrido	Grao en Medicina

Violas

Gonzalo López Souto	Ciclo Superior de Anatomía Patolóxica
Francisco José Pérez Pérez	Grao en Medicina
Pablo Rodríguez Fernández	D. Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas
Antonio Iglesias Varela	Grao en Matemáticas
Santiago Vázquez Calvache	Grao en Medicina
Lucía Sanjurjo Agilda	Grao en Farmacia

Violonchelos

Antón Quintás Otero	Grao en Medicina
Daphnis Igor Sarmientos	Mestrado en Arqueoloxía
Iosune López Vázquez	Grao en Traballo Social
Joaquín Domínguez de Tena	Doutoramento en Matemáticas
María Fuciños Corral Grao en	Filoloxía Galega
Miguel Mauricio Iglesias	Enxeñeiro Químico
Olimpia Rivera Marcos	Grao en Medicina
Pablo Marqués de Llano	Grao en Medicina
Pablo Viz Crespo	Grao en Biotecnoloxía
Xesús Seoane Menéndez	Grao en Economía
Zoe Porto Rey	Grao en Medicina

Contrabaixos

Ángel Vidal Cortizo	Mestre en Educación Primaria
Dina Durán Rodríguez	Estudos Superiores de Contrabaixo
Noa Rodríguez Carballeira	Grao en Biotecnoloxía

Frautas

Daniel Pérez Torres	Grao en Matemáticas
Sara Porto Puente	Mestrado en Estudos Medievais

Óboes

Diego Cristóbal Andaluz	Grao en Enxeñaría Informática
María Amengual González	Grao en Física

Clarinetes

Denis Iglesias Montes	Grao en Bioloxía
María Domínguez Hermida	D. Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas

Fagotes

Mercedes Rodicio	Médico pediatra
Noa Calvo Soto	Grao en Psicoloxía

Saxofón

Ángel Mourelle Abelenda	Mestrado en Profesorado
-------------------------	-------------------------

Trompas

Dario Neira Midon	Ciclo Superior
Ezequiel Otero Pombo	Grao en Enxeñaría Química
Pablo Pazos Rial	Estudos Superiores de Música
Rocío Vázquez Cobela	Estudos finalizados

Trompetas

Víctor Busto Mejuto	Enxeñeiro Informático
---------------------	-----------------------

Percusión

Juan Pablo Pardo Pérez	Grao en Intelixencia Artificial
Mateo Alejandro Fidalgo Arrojo	Grao en Física
Brais Paisal	Estudos finalizados

Piano

Andrés Pose Pena	Grao en Farmacia
------------------	------------------

DIRECTOR ARTÍSTICO ORQUESTRA E CORO

Mario Diz

DIRECTOR CONVIDADO CORO

Julián Jesús Pérez

PIANISTA ACOMPAÑANTE

Paula Gago

PROFESORA PARTICIPANTE CORDAS

Blanca Bello

Músicos participantes nas obras co CORO

Soprano Solista

Alicia Gómez Veiga Grao en Psicoloxía

Violíns

Francesca Bernardi Cuns Bacharelato
Laura López Paz Grao en Enxeñaría Química

Viola

Francisco José Pérez Pérez Grao en Medicina

Violonchelos

Joaquín Domínguez de Tena Doutoramento en Matemáticas

Óboes

Diego Cristóbal Andaluz Grao en Enxeñaría Informática
María Amengual González Grao en Física

Clarinete

María Domínguez Hermida D. Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas

Fagote

Noa Calvo Soto Grao en Psicoloxía

Percusión

Brais Paisal Estudos finalizados

Cravo, órgano e piano

Paula Gago (Pianista acompañante)

ORQUESTRA DA UNIVERSIDADE

A Orquestra da Universidade de Santiago de Compostela (OUSC), inicialmente coñecida como Orquestra do Espazo de Cámara, naceu co obxectivo de promover entre a comunidade universitaria e a cidadanía de Compostela un proxecto educativo e cultural centrado na música. Contando co apoio da Vicerreitoría de Comunicación, Cultura e Servizos, e baixo a dirección de Mario Diz, a OUSC prioriza a formación musical dos seus integrantes, fomentando o compromiso co estudo e a difusión dos valores musicais. Este proxecto enriquecese grazas a múltiples colaboracións que varían en cada iniciativa.

Desde 2010, a OUSC levou a cabo proxectos destacados como a celebración do aniversario de Debussy cun concerto de Arpa e Orquestra interpretado por Reyes Gómez; o Concerto de Violonchelo en Re maior de Haydn, con Carlos G. Amigo; e monográficos dedicados a Astor Piazzolla e á música galega, incluíndo a interpretación do concerto de Manuel Quiroga a cargo de Gregori Nedobora.

Na tempada 2014-15, colaborou co coro Gli Apassionati na interpretación do *Magnificat* de J.S. Bach e o *Gloria* de Vivaldi. En 2015, para o seu quinto aniversario, publicou o dobre CD **Un Lustro de Historia**, con gravacións en directo de concertos nos que participaron recoñecidos solistas.

Entre outros proxectos, realizou unha versión do musical *Sweeney Todd* de Stephen Sondheim coa Aula de Teatro da USC, e participou nas Xornadas de Música Contemporánea de Santiago de Compostela, compartindo espazo coa Sinfónica de Galicia e a Real Filharmonía de Galicia.

En novembro de 2018, viaxou a Coímbra para participar no II Encontro de Orquestras Académicas, compartindo escenario coa Orquestra Académica da cidade. En 2019, grazas ao apoio da Fundación CEER e o plan *O Teu Xacobeo*, organizou o proxecto *Música en Camiño*, estreando catro composicións de estudantes e culminando cun concerto en Santiago tras unha serie de actuacións ao longo do Camiño Portugués.

Durante a pandemia do COVID-19, adaptouse ás restricións ofrecendo concertos rexistrados audiovisual e recollidos no proxecto *Música en Pandemia*, que inclúe un DVD con obras compostas en distintas épocas pandémicas.

A OUSC colabora regularmente con músicos destacados, incluíndo membros da Real Filharmonía de Galicia e profesores galegos recoñecidos, e forma parte de SINERGIA, a Rede de Orquestras Universitarias Españolas, e de ENUO, a Rede Europea de Orquestras Universitarias, integrada por máis de 28 países.

CORO DA UNIVERSIDADE

O Coro da Universidade de Santiago de Compostela fundouse en 1979 por iniciativa da Vicerreitoría de Extensión Universitaria. A súa creación foi liderada por Maximino Zumalave, quen dirixiu o proxecto ata 1985. Posteriormente, estiveron á fronte da agrupación Xan Viaño, Margarita Guerra, Xosé Carlos García Pardo e Juan Carlos Dorgambide. Entre 1999 e 2022, a dirección estivo a cargo de Miro Moreira, profesor de Canto Coral e Formación Vocal da USC. Na actualidade, o coro atópase nun proceso de refundación, coa participación de destacados directores convidados no ámbito coral.

Dende os seus primeiros anos, o coro combinou repertorio a cappella coa interpretación de grandes obras da literatura musical, como A pequena misa solemne de Rossini, o Mesías de Händel, o Pequeno libro de órgano de J.S. Bach, os Responsorios de Tebras de Victoria, o Stabat Mater de Haydn, o Ceremony of Carols de Britten ou o Magnificat de Vivaldi. Participou en diversas edicións dos festivais de ópera da Coruña e destacou polo seu labor divulgativo, especialmente na recuperación de obras de mestres de capela das catedrais galegas como Melchor López e Diego de Muelas.

Actualmente, o Coro da USC ten un enfoque pedagóxico centrado na formación coral e na difusión da música antiga. Entre os seus programas máis recentes destacan a Misa brevis en Sol, KV 49 de Mozart, os oratorios Jephte e Xonás de Carissimi, o Gloria de Vivaldi, a Barca di Venetia per Padova de Banchieri, e a Música Barroca do Período Virreinal, gravada nun CD conmemorativo polo seu XXV aniversario. Outras interpretacións salientables inclúen a Misa Dolorosa de Caldara, Las Ensaladas de Mateo Flecha, El tañer con el cantar (Cancioneiros de Upsala, Medinaceli e Colombina), Nacións barrocas (escolas barrocas europeas), Dido e Aeneas de Purcell, Membra Jesu Nostri de Buxtehude, Luces y cariños en torno a José de Vaquedano e a Música das Catedrais de Nueva España.



AGRADECEMENTOS

A realización dun concerto ten un significado especialmente considerable tendo en conta que é un acto de concordia entre múltiples participantes, no que non só acolle aos instrumentistas que forman as agrupacións, se non tamen a aqueles que achegan co seu labor accións fundamentais para que este se produza.

Queremos agradecer especialmente tanto aos profesores participantes como ao equipo da Área de Cultura da USC e en especial os que fixeron posibles concorrer nos lugares das tres funcións celebradas con este programa de concerto; ao Concello de Padrón e á súa Concellaría de Cultura, aos P.P. Dominicos da Coruña, e aos P.P. Xexuitas e ao seu Colexio Maior por acollernos na Igrexa de Sto. Agostiño onde realizamos o derradeiro destes concertos.

Tamen agradecer todas aquelas persoas igualmente implicadas, transporte, alimentación, etc. que formaron parte desta produción.

E como non as familias e asistentes como público...

PREME NAS ICONAS E ACCEDE AS NOSAS RRSS



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES
E CULTURA

